



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### DODRO

*Elección de xuíz/xuíza de paz titular.*

#### ANUNCIO PARA ELECCIÓN DE XUÍZ/XUÍZA DE PAZ DO CONCELLO DE DODRO

A Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 25/10/2023 acordou aprobar as Bases para a elección de xuíz/xuíza de paz titular, que se achegan como Anexo, e proceder á convocatoria mediante publicación das bases no BOP, no Taboleiro de anuncios do Concello e por medio dun Bando da Alcaldía.

Durante o período de 15 días hábiles contados desde o seguinte á publicación do anuncio no BOP os/as interesados/as poderán presentar as súas instancias por calquera dos medios indicados na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e dirixidas á Alcaldía do Concello de Dodro.

#### ANEXO

**1.- Condicións legais dos solicitantes.-** Para poder concorrer, precísanse os seguintes requisitos:

- Ser español/a.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso/a nalgunha das causas de incapacidade que se establecen na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

**2.- Incapacidades.-** Están incapacitados quen conte con impedimento física ou psíquico para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non teñan obtido a rehabilitación, os procesados ou inculpados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobreseimento e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

**3.- Documentos que se achegarán á solicitude.-**

- Certificación de nacemento ou fotocopia cotexada do documento nacional de identidade.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o art. segundo da Lei 68/1980 no seu punto 1.a), referente a se se encontra inculpado ou procesado.
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

**4.- Procedemento.-** Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes polo Concello Pleno procederase á elección de Xuíz/a de Paz Titular entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoitarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

De non presentar solicitudes, o Concello Pleno elixiraos libremente.

O nomeamento será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

Dodro, 26 de outubro de 2023

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2023/8515